


Ámbitos



Acollida

Espertar a emoción por aprender, planificar o proceso e tomar conciencia de como estou.



Seminario

Aprender contidos conceptuais e procedementais básicos que constrúen “o saber”.



Proxecto

Entender o presente coñecendo o pasado e, de forma competencial, así poder soñar o futuro.



Obradoiro

Traballar de forma interdisciplinaria para construír “o ser” da persoa.



Peche

Sintetizar, integrar e celebrar a aprendizaxe utilizando estratexias e procesos metacognitivos.



Como quen quero ser?



Víveo!

O Novo Contexto de Aprendizaxe (NCA) é un marco de referencia baseado na aprendizaxe competencial, experiencial, transversal, instrumental, social, adaptativo e, á vez, contextualizado en cada unha das obras educativas de La Salle.



Transformando a educación, transformamos o mundo.

Ámbitos de Aprendizaxe e Narrativas NCA
Educación Secundaria - 1º de ESO



Ámbitos de aprendizaxe e narrativas



O Novo Contexto de Aprendizaxe (NCA) fundaméntase en tres alicerces: os novos descubrimentos da neurociencia en relación a como aprende o cerebro, as características da nosa sociedade actual e a dilatada experiencia educativa de La Salle.

Os ámbitos de aprendizaxe (acollida, seminario, obradoiro, proxecto e peche) son unha forma de organizar a vida escolar para facilitar o desenvolvemento destes tres alicerces. Facemos así unha proposta de aula diferenciada para os distintos tipos de aprendizaxe: saber, saber facer e saber ser.

As narrativas de aprendizaxe, pola súa banda, son unha forma de organizar a aula, o tempo e os contidos do currículo. Desta forma favorecemos a aprendizaxe integral e integrado.

As narrativas funcionan como funciona o noso mundo. Fronte aos esquemas ríxidos do pasado, nos que cada materia versaba sobre o seu, o mundo global no que vivimos esíxenos pensar en novos marcos interdisciplinarios e interconectados para comprender as claves da nosa historia e o noso presente e poder así debuxar o futuro.

Narrativas

Todas as áreas do coñecemento traballan xuntas e cada unha achega a súa perspectiva específica.



Estrelas

Mergullámonos nun universo de estrelas e constelacións, persoas e acontecementos desde a orixe do tempo.



Entre ríos

Fazañas e herdanzas das vellas culturas: Exipto e Mesopotamia.



Life

A orixe da vida: a ciencia e a cooperación son os nosos signos de identidade.



Niké

A deusa grega da Vitoria: vencer ou gañar?



Diversity

A diversidade: da evidencia á necesidade.



Aedificare

Herdeiros da antiga Roma: cidade e cultura.



Clans

A humanización da especie: un concepto complexo e unha experiencia sinxela.



Pegadas

Sonamos un mundo máis sostible?